

### Poboación

Os últimos datos facilitados polo INE indican que, a 01.07.2016, a poboación de Galicia era de 2.714.084 persoas, o que supón un descenso de -6.994 persoas respecto ao 1 de xaneiro de 2016, (o -0,26%) e confirma a tendencia decrecente dos últimos semestres na nosa Comunidade, sendo Galicia a cuarta comunidade con peor evolución deste parámetro no período de referencia. O saldo vexetativo (nacementos - defuncións) foi a variable con maior influencia nesta tendencia, pese a que a diminución da poboación por este concepto foi algo menor respecto da observada no primeiro semestre do ano anterior, sen que o crecemento rexistrado no saldo migratorio exterior puidese mitigar o seu efecto (o saldo migratorio interior, aínda que se mantén en valores negativos, decreceu un pouco menos que en pasados primeiros semestres). No que respecta ao conxunto do Estado, aínda que o saldo vexetativo rexistrou valores negativos no semestre, o seu efecto viuse compensado polo saldo migratorio, que pasou a ser positivo neste semestre (de -7.385 no primeiro semestre de 2015 a 30.504 no primeiro semestre de 2016), o que se traduciu nun incremento da poboación no primeiro semestre dun 0,05%.

#### Poboación de Galicia e España a 30 de xuño de 2016

|         | Poboación a 30 de xuño de 2016(*) | Poboación a 1 de xaneiro de 2016 | Saldo primeiro semestre de 2016 |                     |                     |             |
|---------|-----------------------------------|----------------------------------|---------------------------------|---------------------|---------------------|-------------|
|         |                                   |                                  | Vexetativo                      | Migratorio exterior | Migratorio interior | Saldo total |
| Galicia | 2.714.084                         | 2.720.544                        | -6.994                          | 1.456               | -921                | -6.459      |
| España  | 46.468.102                        | 46.445.828                       | -8.230                          | 30.504              | 0                   | 22.274      |

Fonte: INE / (\*) Datos provisionais

### Produto interior bruto galego e estatal


O PIB galego incrementouse no 3º trimestre de 2016 en 0,9 décimas (0,7 en España), o que leva a un incremento interanual dun 3,3%. O gráfico coa variación interanual do PIB en España e Galicia amósanos que o crecemento do PIB segue a acelerarse en Galicia, mentres que a tendencia desta variable a nivel estatal indica que o crecemento estase a estancar e mesmo a desacelerar lixeiramente, tras alcanzar o 3,5% de crecemento no último trimestre de 2015 (o dato adelantado de crecemento dun 3,2% para o PIB interanual estatal no 4º trimestre apunta nesta mesma dirección). Estas dúas tendencias propician que, por primeira vez desde o último trimestre do ano 2013, o PIB interanual de Galicia presente un valor superior ao do conxunto do Estado.

#### Variación interanual porcentual del PIB (índices de volumen encadenados, referencia año 2010=100. Datos corregidos de estacionalidad y calendario) Galicia-España 2009-2015 (\*)

|         | % (T/T-4) | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 3T14 | 4T14 | 1T15 | 2T15 | 3T15 | 4T15 | 1T16 | 2T16 | 3T16 |
|---------|-----------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| Galicia |           | -3,6 | 0,2  | -1,3 | -2,7 | -0,7 | 0,4  | 2,1  | 0,5  | 0,8  | 1,4  | 1,9  | 2,2  | 2,6  | 2,8  | 3    | 3,3  |
| España  |           | -3,8 | 0,0  | -1,0 | -2,6 | -1,7 | 1,4  | 3,2  | 1,7  | 2,1  | 2,7  | 3,2  | 3,4  | 3,5  | 3,4  | 3,2  | 3,2  |

Fuentes: INE (Contabilidad Nacional Trimestral), IGE

(\*) los valores anuales para el PIB estatal para los años 2011-2014 fueron recalculados en septiembre de 2015 (ver nota de prensa INE del 15.09.2015) registrándose valores inferiores a los calculados previamente en los años 2011a 2013



### Poboación activa, paro rexistrado, contratación e afiliación á Seguridade Social

No último trimestre de 2016, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicte para Galicia unha diminución de -1.500 persoas respecto da rexistrada no mesmo trimestre de 2015, o que supón unha diminución porcentual dun -0,1%, que é menor á rexistrada no conxunto do Estado (onde a redución foi do -0,6%). No que respecta á poboación galega ocupada, neste trimestre rexistrouse unha

redución de -8.300 persoas ocupadas respecto do trimestre anterior, para un número total de 1.049.600 persoas ocupadas. Esta redución provocou que a taxa de ocupación se reducira en tres décimas respecto do 3º trimestre e ficara no 44,7%, valor inferior en 3,3 puntos porcentuais ao rexistrado no conxunto do Estado neste trimestre. Pola súa banda, a EPA fixa a taxa de paro para o 4º trimestre de 2016 no 16,3% da poboación activa, sendo o número de persoas desempregadas neste trimestre de 204.200. Esta taxa é menor en 2,3 puntos porcentuais á rexistrada no conxunto do Estado, e mantense no mesmo valor do 3º trimestre.

Os datos do paro rexistrado en Galicia no 4º trimestre de 2016 amosan incremento desta variable en todos os meses, chegando en decembro ata as 205.914 persoas, aínda que en termos interanuais se observa unha redución de -22.894 persoas en situación de desemprego no 2016 (un -10,0% no ano, descenso que mellora lixeiramente ao rexistrado no ano 2015). Se ben o descenso interanual amósase en todas as categorías (por sexo, idade e sector de actividade) cómpre sinalar que no caso dos homes, das persoas traballadoras menores de 45 anos, e dos sectores da construción e da industria o desemprego estase a reducir con maior intensidade, mentres que para os colectivos de mulleres e de maiores de 45 anos a creación de emprego está a ser menos intensa.

No 4º trimestre de 2016 asináronse 233.863 contratos novos en Galicia, un -16,7% de novos contratos respecto do trimestre anterior, e un incremento do 8,9% respecto do mesmo trimestre do ano 2015. Os contratos de carácter indefinido foron os que tiveron un mellor comportamento neste trimestre, por ser os únicos que se incrementaron respecto ao trimestre anterior, e os que máis medraron respecto do 4º trimestre de 2015. Os que mais se reduciron foron os contratos nas modalidades de prácticas/formación e outros. Por sectores de actividade, tan só na construción diminuíu o número de contratos asinados respecto ao último trimestre de 2015, sendo os dos sectores agrícola/pesqueiro e o industrial os que tiveron un crecemento máis importante en termos porcentuais.

Os datos de afiliación á Seguridade Social ao longo do 4º trimestre amosan que a desaceleración observada no mes de setembro continuou ao longo deste trimestre, sendo o mes de decembro o que presentou unha redución maior desta variable. No conxunto do Estado tan só o mes de novembro presentou unha redución da afiliación. En termos interanuais, tanto en España como en Galicia a afiliación mantense en valores positivos (sendo o crecemento da afiliación no Estado superior ao galego no entorno de 1.2 puntos porcentuais). En ambos casos, a porcentaxe de crecemento da afiliación vese reducida mes a mes. Ao rematar o ano, o incremento porcentual do número de afiliados en 2016 en Galicia foi dun 1,86%, incremento que só superou ao rexistrado en Asturias, Castela-León e Extremadura.

#### Valores Poboación Activa Galicia-España 4º Trimestre 2016

|         | Trimestre actual | Variación trimestre anterior |            | Variación mesmo trimestre ano anterior |            |
|---------|------------------|------------------------------|------------|----------------------------------------|------------|
|         |                  | Diferencia                   | Porcentaxe | Diferencia                             | Porcentaxe |
| Galicia | 1.253,8          | -10,9                        | -0,9       | -1,5                                   | -0,1       |
| España  | 22.745,9         | -102,4                       | -0,5       | -127,8                                 | -0,6       |

Fonte: *Encuesta de Población Activa* - INE (datos en miles)

#### Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 4º trimestre 2016

| 4T 2016              | mes actual |          |          | variación mes anterior |          |          | % variación mes anterior |          |          | variación mes ano anterior |          |          | % variación mes ano anterior |          |          |
|----------------------|------------|----------|----------|------------------------|----------|----------|--------------------------|----------|----------|----------------------------|----------|----------|------------------------------|----------|----------|
|                      | outubro    | novembro | decembro | outubro                | novembro | decembro | outubro                  | novembro | decembro | outubro                    | novembro | decembro | outubro                      | novembro | decembro |
| TOTAL                | 198.940    | 203.554  | 205.914  | 4.604                  | 4.614    | 2.360    | 2,4%                     | 2,3%     | 1,2%     | -23.152                    | -21.604  | -22.894  | -10,4%                       | -9,6%    | -10,0%   |
| Homes                | 85.446     | 91.023   | 94.353   | 2.824                  | 5.577    | 3.330    | 3,3%                     | 6,5%     | 3,7%     | -12.545                    | -11.686  | -12.471  | -12,4%                       | -11,4%   | -11,7%   |
| Mulleres             | 108.890    | 112.531  | 111.561  | 1.780                  | 3.641    | -970     | 1,6%                     | 3,3%     | -0,9%    | -10.607                    | -9.918   | -10.423  | -8,8%                        | -8,1%    | -8,5%    |
| <30 anos             | 24.715     | 26.981   | 26.112   | 1.193                  | 2.266    | -869     | 4,8%                     | 9,2%     | -3,2%    | -4.895                     | -4.560   | -4.964   | -15,9%                       | -14,5%   | -16,0%   |
| entre 30 e 44 anos   | 69.147     | 73.008   | 74.185   | 1.861                  | 3.861    | 1.177    | 2,7%                     | 5,6%     | 1,6%     | -11.390                    | -10.861  | -11.466  | -13,8%                       | -13,0%   | -13,4%   |
| >44 anos             | 100.474    | 103.565  | 105.617  | 1.550                  | 3.091    | 2.052    | 1,5%                     | 3,1%     | 2,0%     | -6.867                     | -6.183   | -6.464   | -6,3%                        | -5,6%    | -5,8%    |
| Agricultura y Pesca  | 6.469      | 7.790    | 8.305    | 1.022                  | 1.321    | 515      | 15,8%                    | 20,4%    | 6,6%     | -887                       | -980     | -924     | -10,6%                       | -11,2%   | -10,0%   |
| Industria            | 23.510     | 24.164   | 25.499   | 263                    | 654      | 1.335    | 1,1%                     | 2,8%     | 5,5%     | -3.510                     | -3.370   | -3.353   | -12,9%                       | -12,2%   | -11,6%   |
| Construción          | 21.245     | 21.516   | 23.368   | -40                    | 271      | 1.852    | -0,2%                    | 1,3%     | 8,6%     | -4.415                     | -4.530   | -4.773   | -17,2%                       | -17,4%   | -17,0%   |
| Servizos             | 126.633    | 133.333  | 132.419  | 3.257                  | 6.700    | -914     | 2,6%                     | 5,3%     | -0,7%    | -12.719                    | -11.023  | -12.051  | -8,9%                        | -7,6%    | -8,3%    |
| Sen emprego anterior | 16.479     | 16.751   | 16.323   | 102                    | 272      | -428     | 0,6%                     | 1,7%     | -2,6%    | -1.621                     | -1.701   | -1.793   | -8,9%                        | -9,2%    | -9,9%    |

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

#### Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 4º Trimestre 2016

|                       | Trimestre actual | Var. trimestre anterior | %Var. trimestre anterior | Var. trimestre año anterior | %Var. trimestre año anterior |
|-----------------------|------------------|-------------------------|--------------------------|-----------------------------|------------------------------|
| 4º Trimestre 2016     | 233.863          | -46.921                 | -16,7%                   | 19.156                      | 8,9%                         |
| Hombres               | 118.795          | -30.022                 | -20,2%                   | 10.233                      | 9,4%                         |
| Mujeres               | 114.677          | -17.290                 | -13,1%                   | 8.532                       | 8,0%                         |
| <30 años              | 75.424           | -20.439                 | -21,3%                   | 7.588                       | 11,2%                        |
| entre 30 e 44 años    | 104.434          | -15.734                 | -13,1%                   | 5.317                       | 5,4%                         |
| >44 años              | 54.095           | -10.658                 | -16,5%                   | 6.341                       | 13,3%                        |
| Indefinido            | 18.103           | 389                     | 2,2%                     | 2.202                       | 13,8%                        |
| Temporal              | 211.320          | -42.366                 | -16,7%                   | 19.008                      | 9,9%                         |
| Prácticas / Formación | 2.298            | -1.303                  | -36,2%                   | -1.842                      | -44,5%                       |
| Otros                 | 2.142            | -3.641                  | -63,0%                   | -212                        | -9,0%                        |
| Agricultura e Pesca   | 7.114            | -3.399                  | -32,3%                   | 1.645                       | 30,1%                        |
| Industria             | 33.968           | -3.681                  | -9,8%                    | 5.205                       | 18,1%                        |
| Construcción          | 10.180           | -2.999                  | -22,8%                   | -223                        | -2,1%                        |
| Servicios             | 182.601          | -36.852                 | -16,8%                   | 12.529                      | 7,4%                         |

Fuente: *Boletín Mensual de Contratación*, Consellería de Economía, Emprego e Industria

#### Datos de afiliación á Seguridade Social Galicia-España, 4º Trim. 2016

|         | Afiliacións media 4º Trim. 2016 |            |            | Variacións   |          |          |          |          |          |            |          |          |          |          |          |
|---------|---------------------------------|------------|------------|--------------|----------|----------|----------|----------|----------|------------|----------|----------|----------|----------|----------|
|         |                                 |            |            | mes anterior |          |          |          |          |          | interanual |          |          |          |          |          |
|         | outubro                         | novembro   | decembro   | absoluta     | absoluta | absoluta | relativa | relativa | relativa | absoluta   | absoluta | absoluta | relativa | relativa | relativa |
|         |                                 |            |            | outubro      | novembro | decembro | outubro  | novembro | decembro | outubro    | novembro | decembro | outubro  | novembro | decembro |
| Galicia | 971.552                         | 968.543    | 963.735    | -1.335       | -3.009   | -4.808   | -0,14%   | -0,31%   | -0,50%   | 20.346     | 19.412   | 17.612   | 2,14%    | 2,05%    | 1,86%    |
| España  | 17.813.356                      | 17.780.524 | 17.849.055 | 101.335      | -32.832  | 68.531   | 0,57%    | -0,31%   | 0,39%    | 591.889    | 557.438  | 540.655  | 3,44%    | 3,24%    | 3,12%    |

Fuente: IGE Informe de afiliación a la Seguridad Social (según datos del Ministerio de Empleo y Seguridad Social)

No 3º trimestre do ano mantense a tendencia de diminución do número de accidentes laborais con baixa que xa se observara no trimestre anterior. Tal e como xa sucedera entón, reducíronse os accidentes leves e mortais, cun -10,1% e un -4,5% respectivamente, e incrementáronse os accidentes graves (o 7,4%).

Por sectores de actividade, compre sinalar que é o sector da construción o responsable do descenso da mortalidade neste trimestre, xa que todos os demais sectores amosaron un aumento de accidentes mortais. Entre os accidentes leves e graves, o mellor comportamento o tiveron os sectores da construción e o agrícola, xa que foron os únicos nos que os accidentes graves se reduciron e tamén os únicos onde a redución de accidentes leves superou a media total.

**Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Galicia, 3º Trimestre 2015-2016**

|              | Leves        |              |              | Graves     |            |            | Mortales  |           |             | Totales      |              |             |
|--------------|--------------|--------------|--------------|------------|------------|------------|-----------|-----------|-------------|--------------|--------------|-------------|
|              | 2015         | 2016         | % Var        | 2015       | 2016       | % Var      | 2015      | 2016      | % Var       | 2015         | 2016         | % Var       |
| Agricultura  | 362          | 320          | -11,6        | 18         | 11         | -38,9      | 1         | 2         | 100,0       | 381          | 333          | -12,6       |
| Pesca        | 229          | 213          | -7,0         | 9          | 14         | 55,6       | 3         | 4         | 33,3        | 241          | 231          | -4,1        |
| Industria    | 1.896        | 1.756        | -7,4         | 23         | 26         | 13,0       | 5         | 6         | 20,0        | 1.924        | 1.788        | -7,1        |
| Construcción | 847          | 688          | -18,8        | 22         | 17         | -22,7      | 4         | 4         | 0,0         | 873          | 709          | -18,8       |
| Servicios    | 3.210        | 2.908        | -9,4         | 36         | 48         | 33,3       | 9         | 5         | -44,4       | 3.255        | 2.961        | -9,0        |
| <b>Total</b> | <b>6.544</b> | <b>5.885</b> | <b>-10,1</b> | <b>108</b> | <b>116</b> | <b>7,4</b> | <b>22</b> | <b>21</b> | <b>-4,5</b> | <b>6.674</b> | <b>6.022</b> | <b>-9,8</b> |

Fuente: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

## Conflitividade laboral

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social no período xaneiro-setembro de 2016, en Galicia leváronse a cabo 43 folgas, o que supón un descenso dun -37,7% fronte as do mesmo período do ano anterior. Tamén se produciu un descenso (neste caso, dun -39,2%) na súa repercusión, medida en función das persoas traballadoras que participaron nelas, mentres que, tomando como referencia as xornadas non traballadas, a redución da conflitividade laboral acadou un -50,0% respecto da observada no ano 2015. Compre sinalar que, tanto en número de folgas, en número de traballadores participantes nelas, ou en número de xornadas non traballadas, a redución da conflitividade laboral foi máis acusada en Galicia que no conxunto do Estado.

**Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas. Galicia-España. Xaneiro-Setembro 2016**

|         | Folgas            |                                                 | Traballadores participantes |                                                 | Xornadas non traballadas |                                                 |
|---------|-------------------|-------------------------------------------------|-----------------------------|-------------------------------------------------|--------------------------|-------------------------------------------------|
|         | Valores absolutos | Variación sobre o mesmo período do ano anterior | Valores absolutos           | Variación sobre o mesmo período do ano anterior | Valores absolutos        | Variación sobre o mesmo período do ano anterior |
| Galicia | 43                | -26                                             | 9.375                       | -6.053                                          | 13.652                   | -13.656                                         |
| España  | 466               | -21                                             | 106.681                     | -26.327                                         | 257.035                  | -88.117                                         |

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Empleo y Seguridad Social.

(datos provisionales)

## Datos de expedientes de regulación de emprego

O número de expedientes de regulación de emprego seguiu a reducirse no ano 2016, tal e como xa o fixera no ano anterior. En 2016 presentáronse 424 EREs, un -30,8% menos que no 2015. Estudando máis polo miúdo a evolución dos mesmos apréciase que, mentres que o número de expedientes por despedimentos colectivos non cambiou respecto do rexistrado no ano 2015 (38), rexistrouse unha redución de case un -15% nos expedientes por suspensión de contratos, e unha redución dun -59,2% nos expedientes de redución de xornada. Por sectores, todos presentaron reducións significativas, que superaron o -11% nos casos dos sectores pesqueiro e da construción, e o -41% nos sectores industrial e de servizos.

**Expedientes de Regulación de Empleo segundo a medida e o sector de actividade. Galicia, 2015-2016**

|              | Despedimentos colectivos |           |             | Suspensións de contratos |            |               | Reducións de xornada |           |               | Totais     |            |               |
|--------------|--------------------------|-----------|-------------|--------------------------|------------|---------------|----------------------|-----------|---------------|------------|------------|---------------|
|              | 2015                     | 2016      | % Var.      | 2015                     | 2016       | % Var.        | 2015                 | 2016      | % Var.        | 2015       | 2016       | % Var.        |
| Agricultura  | 0                        | 0         | 0,0%        | 1                        | 1          | 0,0%          | 0                    | 0         | 0,0%          | 1          | 1          | -----         |
| Pesca        | 6                        | 2         | 0,0%        | 158                      | 142        | -10,1%        | 0                    | 1         | 0,0%          | 164        | 145        | -11,6%        |
| Industria    | 14                       | 9         | -35,7%      | 64                       | 45         | -29,7%        | 41                   | 15        | -63,4%        | 119        | 69         | -42,0%        |
| Construcción | 4                        | 6         | 50,0%       | 33                       | 31         | -6,1%         | 17                   | 11        | -35,3%        | 54         | 48         | -11,1%        |
| Servizos     | 14                       | 21        | 50,0%       | 86                       | 72         | -16,3%        | 175                  | 68        | -61,1%        | 275        | 161        | -41,5%        |
| <b>TOTAL</b> | <b>38</b>                | <b>38</b> | <b>0,0%</b> | <b>342</b>               | <b>291</b> | <b>-14,9%</b> | <b>233</b>           | <b>95</b> | <b>-59,2%</b> | <b>613</b> | <b>424</b> | <b>-30,8%</b> |

Fuente Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

Se ben o número de persoas traballadoras afectadas por estes expedientes reduciuse de novo no ano 2016 (nun -3,1%), é salientable que este descenso só afectou ao colectivo de homes traballadores, no cal a redución foi do -10,1% respecto ao 2015, mentres que as mulleres afectadas por expedientes de regulación de emprego incrementáronse nun 22,9% respecto ao ano anterior. As persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos incrementáronse en ambos casos, pero máis no colectivo feminino (12,2% e 26,3%, respectivamente) mentres que o impacto das suspensións de contratos reduciuse no caso dos homes (-8,8%) e aumentou no caso das mulleres nun 40,9%.

Datos da *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o terceiro trimestre de 2016 indican que o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes foi de 2.213,6 €, o cal representa un incremento interanual dun 0,8%. No relativo ao custo salarial por persoa traballadora e mes, o valor para o terceiro trimestre foi de 1.624,0 €, o que supón un incremento interanual dun 1,4% (é o cuarto trimestre consecutivo no que se incrementa o valor desta variable). Aínda que a nivel estatal produciuse un descenso en custos laborais e salariais neste trimestre, os valores galegos seguen a ser inferiores aos rexistrados a nivel estatal (nun -10,0% e nun -9,9% respectivamente).

**Custos laborais e salariais. Galicia. 2010-2016**

|      | Custo laboral por persoa traballadora e mes |             | Custo salarial por persoa traballadora e mes |             |
|------|---------------------------------------------|-------------|----------------------------------------------|-------------|
|      | Euros                                       | % var. int. | Euros                                        | % var. int. |
| 2010 | 2.251,3                                     | 2,3         | 1.663,2                                      | 3,0         |
| 2011 | 2.265,3                                     | 0,6         | 1.669,7                                      | 0,4         |
| 2012 | 2.206,2                                     | -2,6        | 1.618,1                                      | -3,1        |
| 2013 | 2.260,2                                     | 2,4         | 1.656,0                                      | 2,3         |
| 2014 | 2.261,4                                     | 0,0         | 1.654,0                                      | 0,0         |
| 2015 | 2.246,2                                     | -0,7        | 1.649,0                                      | -0,3        |
| 2T15 | 2.242,9                                     | -2,1        | 1.635,8                                      | -2,2        |
| 3T15 | 2.196,2                                     | -0,4        | 1.601,9                                      | 0,0         |
| 4T15 | 2.370,6                                     | -0,3        | 1.775,8                                      | 0,4         |
| 1T16 | 2.203,1                                     | 1,3         | 1.596,2                                      | 0,9         |
| 2T16 | 2.232,7                                     | -0,5        | 1.640,6                                      | 0,3         |
| 3T16 | 2.213,6                                     | 0,8         | 1.624,0                                      | 1,4         |

Fonte: INE (*Encuesta trimestral de coste laboral*)

**Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital**

No cuarto trimestre de 2016 constituíronse 1.028 sociedades mercantís en Galicia, 26 máis das constituídas no trimestre anterior, e 101 máis das constituídas no cuarto trimestre de 2015. O capital medio subscrito nas sociedades constituídas medrou respecto do trimestre anterior en máis dun 53%, pero se rexistrou unha forte redución fronte ao capital co que se constituiron as sociedades do mesmo período do ano 2015 (un -77,3%).

No relativo ao número de sociedades que ampliaron capital, se ben aumentaron respecto ao trimestre anterior, reducíronse respecto ao cuarto trimestre de 2015, e o capital ampliado foi menor con respecto aos períodos de referencia en ambos casos (un -23% e un -10,7%, respectivamente).

**Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 4º Trimestre 2016**

|                                  | Dato do trimestre |                   | Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado | % variación de capital respecto ao trimestre pasado | Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado | % variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado |
|----------------------------------|-------------------|-------------------|-------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|
|                                  | Núm. sociedades   | Capital (miles €) |                                                                         |                                                     |                                                                      |                                                                  |
| Sociedades constituídas          | 1.028             | 42.246,3          | 26                                                                      | 53,5%                                               | 101                                                                  | -77,3%                                                           |
| Sociedades que ampliaron capital | 317               | 170.924,8         | 59                                                                      | -23,0%                                              | -34                                                                  | -10,7%                                                           |

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

**Sociedades mercantís disoltas ou que reducen capital, 4º Trimestre 2016**

|                                   | 4T16 | 3T16 | 4T15 |
|-----------------------------------|------|------|------|
| Sociedades disoltas               | 422  | 229  | 423  |
| Sociedades que reducen capital    | 71   | 58   | 59   |
| Sociedades en situación concursal | 70   | 29   | 83   |

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Por outra banda, no cuarto trimestre disolvéronse 422 sociedades mercantís, 193 máis que no trimestre anterior, e unha menos que no mesmo trimestre do ano anterior. No tocante ás reducións de capital, este feito produciuse en 71 empresas (13 máis que no trimestre anterior, e 12 máis que no cuarto trimestre de 2015). Ademais, rexistráronse catro procesos de escisión de empresas, 19 de fusión e 70 empresas entraron en situación concursal, dato que supón unha rebaixa dun 15,7% respecto das que o fixeron no mesmo mes do pasado ano.

**Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais**

A longo do ano 2016 e no exercicio da súa función consultiva, o Consello emitiu 31 ditames sobre normativa laboral.

O procedemento de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo (AGA) tramitou un total de 91 expedientes. Os acordos acadados a través deste procedemento afectaron a máis de 10.100 empresas e máis de 47.100 persoas traballadoras. Na tarefa do Consello a prol da negociación colectiva, en 2016 tiveron lugar 67 xuntanzas sectoriais e de empresa, de comisións negociadoras e paritarias de convenios colectivos. En catro sectores (Empresas de Xogo do Bingo de Galicia, Instalacións Deportivas e Ximnasios de Galicia, Orquestras de Verbena de Galicia e Derivados do Cemento da provincia de Pontevedra) as xuntanzas deron como froito a sinatura dun convenio colectivo para o sector.

Respecto da súa labor no fomento do debate sobre temas laborais de actualidade, o Consello levou a cabo oito xornadas e seminarios nas principais cidades galegas, xornadas que contaron cunha asistencia global de 750 participantes. O Curso Superior de Relacións Laborais, que o Consello realiza cada ano en colaboración coa USC, acadou a súa edición número XXVI.

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello: [http://cgri.xunta.es/g\\_necol2.html](http://cgri.xunta.es/g_necol2.html)